

Disposición adicional segunda. *Créditos orzamentarios.*

O financiamento do custo das medidas contidas neste real decreto lei concretarase nas disposicións de desenvolvemento desta norma, unha vez coñecida a valoración dos danos producidos.

Disposición adicional terceira. *Danos en infraestruturas públicas titularidade das comunidades de regantes.*

Para os efectos previstos no artigo 3, decláranse de emerxencia as obras que executará o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación para reparar os danos causados en infraestruturas públicas titularidade das comunidades de regantes, comprendidas no seu ámbito de competencia.

Disposición adicional cuarta. *Anticipos de axudas vinculadas a determinados préstamos para a mellora e modernización de estruturas agrarias.*

Nos termos municipais afectados, con carácter preferente, poderase efectuar o pagamento anticipado do importe total das axudas de minoración de anualidades de amortización do principal dos préstamos acollidos ao Real decreto 613/2001, do 8 de xuño, para a mellora e modernización das estruturas de produción das explotacións agrarias, daqueles expedientes de que se dispoña da correspondente certificación final de cumprimento de compromisos e realización de investimentos.

Disposición adicional quinta. *Actuacións do Ministerio de Vivenda.*

Para completar as axudas de urxencia previstas no artigo 9 deste real decreto lei, o Ministerio de Vivenda poderá subscribir acordos da Comisión Bilateral de Seguimento do Convenio de Colaboración suscrito coa Comunitat Valenciana para a aplicación do Plan Estatal 2005-2008, para favorecer o acceso dos cidadáns á vivenda. O financiamento das axudas para reparación, rehabilitación e reconstrución das vivendas que resultasen gravemente danadas polos sucesos descritos, efectuarase nos termos que se conteñen para estas axudas nas disposicións do Real decreto 801/2005, do 1 de xullo, polo que se aproba o Plan Estatal 2005-2008, para favorecer o acceso dos cidadáns á vivenda, e financiaranse con cargo á reserva non territorializada regulada nos artigos 78.c).2 e 83.3 do real decreto antes citado.

Disposición adicional sexta. *Fitosanidade dos cultivos afectados.*

De conformidade co artigo 15 da Lei 43/2002, do 20 de novembro, de sanidade vexetal, cualifícanse de utilidade pública as medidas de loita contra pragas que se poidan adoptar nos cultivos afectados para restablecer a normalidade fitosanitaria, cando estas medidas sexan necesarias á luz dos seguimentos e controis de pragas efectuados.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto lei dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1. 23.^a e 29.^a da Constitución, sen prexuízo das medidas adicionais e de maior protección que adoptase ou poida adoptar a Comunitat Valenciana.

Disposición derradeira segunda. *Facultades de desenvolvemento.*

O Goberno e os distintos titulares dos departamentos ministeriais, no ámbito das súas competencias, ditarán as

disposicións necesarias e establecerán os prazos para a execución do establecido neste real decreto lei.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 19 de outubro de 2007.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

18395 *REAL DECRETO 1361/2007, do 19 de outubro, polo que se modifica o Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto 2486/1998, do 20 de novembro, en materia de supervisión do reaseguro, e de desenvolvemento da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, en materia de factores actuariais.* («BOE» 254, do 23-10-2007.)

I

A Directiva 2005/68/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de novembro de 2005, sobre o reaseguro e pola que se modifican as directivas 73/239/CEE e 92/49/CEE do Consello e as directivas 98/78/CE e 2002/83/CE, establece un marco de supervisión prudencial para as actividades de reaseguro na Unión Europea.

A Lei 13/2007, do 2 de xullo, pola que se modifica o texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto legislativo 6/2004, do 29 de outubro, en materia de supervisión do reaseguro, incorpora ao dereito interno a Directiva 2005/68/CE naqueles aspectos que requirían rango legal. Pero a incorporación da directiva exige, ademais, a modificación do Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto 2486/1998, do 20 de novembro, ao recoller este determinados aspectos afectados pola norma comunitaria.

Na incorporación da Directiva 2005/68/CE ao dereito español de seguros débese ter presente que a lexislación española sobre ordenación e supervisión dos seguros privados optou no seu momento por aplicarlles «mutatis mutandis» ás entidades reaseguradoras o réxime das entidades de seguro directo. Por iso, a transposición dun réxime comunitario de entidades reaseguradoras que segue nas súas liñas básicas a normativa de seguro directo non introduce cambios substanciais na regulación española sobre o reaseguro. Máis ben a transposición implica completar e sistematizar a regulación actual sobre a supervisión do reaseguro.

Neste sentido, modifícase o contido do Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados para recoller, entre outros aspectos, a reserva de estabilización dentro da enumeración das provisións técnicas, así como os cambios na regulación desta reserva, a aptitude para os efectos de cobertura de provisións técnicas das cantidades que resulten recuperables de entidades con labor especial, os límites específicos de diversificación e as

regras de congruencia aplicables aos investimentos das entidades reaseguradoras; a contía mínima da marxe de solvencia das entidades reaseguradoras e das entidades de seguro que levan a cabo actividades de reaseguro.

II

O título VI da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, referente á igualdade de trato no acceso a bens e servizos e a súa subministración, senta o principio de igualdade de trato entre homes e mulleres no acceso a bens e servizos, prohibindo discriminacións directas ou indirectas por razón de sexo, malia admitir as diferenzas de trato cando estean xustificadas por un propósito lexítimo e os medios para logralo sexan axeitados e necesarios.

Neste sentido, o artigo 71.1 da devandita lei orgánica, relativo aos factores actuariais, prohibe a celebración de contratos de seguros ou de servizos financeiros afíns nos cales, ao considerar o sexo como factor de cálculo de primas e prestacións, se xeren diferenzas nas primas e prestacións das persoas aseguradas. Non obstante, habilita a que regulamentariamente se poidan fixar os supostos en que sexa admisible determinar diferenzas proporcionadas das primas e prestacións das persoas consideradas individualmente, cando o sexo constitúa un factor determinante da avaliación do risco a partir de datos actuariais e estatísticos pertinentes e fiables. Eses supostos deben ser fixados polo Goberno mediante real decreto antes do 21 de decembro de 2007, consonte o disposto na disposición derradeira terceira da mencionada lei orgánica.

A Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, protexe de xeito especial a situación de embarazo. Así, o seu artigo 70 dispón que no acceso a bens e servizos ningún contratante poderá indagar sobre a situación de embarazo dunha muller demandante destes, salvo por razóns de protección da súa saúde, e o artigo 71.2 establece que os custos relacionados co embarazo e co parto non xustificarán diferenzas nas primas e prestacións das persoas consideradas individualmente, sen que se poidan autorizar diferenzas ao respecto.

A adaptación no ámbito dos seguros privados á Lei orgánica de igualdade exige a modificación de determinados preceptos do Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados, en especial, para levar a efecto o desenvolvemento regulamentario a que se refire o artigo 71.1 da lei orgánica. A esa finalidade responde tamén este real decreto.

III

Mediante este real decreto efectúase tamén unha modificación do artigo 120 do Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados, relativo á Xunta Consultiva de Seguros e Fondos de Pensións, co obxecto de incorporar como vogal desta o Consorcio de Compensación de Seguros.

IV

A disposición derradeira segunda do texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados habilita o Goberno por proposta do Ministerio de Economía e Facenda, e logo de audiencia de Xunta Consultiva de Seguros e Fondos de Pensións, a desenvolver a lei nas materias que se atribúen expresamente á potestade regulamentaria, así como, en xeral, en todas aquelas susceptibles de desenvolvemento regulamentario en que sexa preciso para a súa correcta execución, mediante a aprobación do seu regulamento e das modificacións posteriores deste que sexan necesarias.

Pola súa parte, a disposición derradeira terceira da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, no seu número 3 habilita o Goberno

para fixar mediante real decreto os supostos a que se refire o parágrafo segundo do seu artigo 71.1.

Consonte estas habilitacións dítase este real decreto, que consta dun único artigo que contén as modificacións do Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados. Completan o contido do real decreto as disposicións derogatoria e derradeiras.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Economía e Facenda, de acordo o Consello de Estado, e logo de deliberación de Consello de Ministros na súa reunión do día 19 de outubro de 2007,

DISPONGO:

Artigo único. *Modificación do Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto 2486/1998, do 20 de novembro.*

O Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto 2486/1998, do 20 de novembro, queda modificado como segue:

Un. No artigo 29, «Concepto e enumeración das provisións técnicas», modifícase a letra f) do número 2, nos seguintes termos:

«f) A reserva de estabilización.»

Dous. Engádesse un novo número 4 ao artigo 29 coa seguinte redacción:

«4. As entidades exclusivamente reaseguradoras deberán constituir provisións técnicas, incluídas a reserva de estabilización, suficientes para o conxunto das súas actividades.»

Tres. O título e o número 1 do artigo 34 pasan a ter a seguinte redacción:

«Artigo 34 *Táboas de mortalidade, de supervivencia, de invalidez e de morbilidade.*

1. As táboas de mortalidade, de supervivencia, de invalidez e de morbilidade deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) Estar baseadas en experiencia nacional ou estranxeira, axustada a tratamentos estatístico-actuariais xeralmente aceptados.

b) A mortalidade, supervivencia, invalidez e morbilidade reflectidas nestas deberanse encontrar dentro dos intervalos de confianza xeralmente admitidos para a experiencia española. No caso de que conteñan probabilidades diferentes para cada sexo, deberanse xustificar estatisticamente, sen que en ningún caso poidan incorporar o efecto do risco por embarazo e parto.

c) O final do período de observación considerado para a elaboración das táboas non poderá ser anterior en máis de vinte anos á data de cálculo da provisión.

d) Cando se utilicen táboas baseadas na experiencia propia do colectivo asegurado, a información estatística en que se baseen deberá cumprir os requisitos de homoxeneidade e representatividade do risco, incluíndo sobre esta información abonda que permita unha inferencia estatística e indicando o tamaño da mostra, o seu método de obtención e o período a que se refire, o cal se deberá adecuar ao previsto na letra c) anterior.

e) Nos seguros de supervivencia, deberán incorporar o efecto do tanto de diminución da mortalidade considerando unha evolución desfavorable desta, salvo que xa fose tido en conta no cómputo do período de observación a que se refire a letra c) anterior.

Non obstante o anterior, no cálculo da provisión poderanse utilizar táboas máis prudentes que, sen cumprir algún dos requisitos anteriores, teñan unha marxe de seguranza superior á que resulta destes.»

Catro. O artigo 45 pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 45 *Reserva de estabilización.*

1. A reserva de estabilización, que terá carácter acumulativo, ten como finalidade alcanzar a estabilidade técnica de cada ramo ou risco. Calcularase e dotarase naqueles riscos que polo seu carácter especial, nivel de incerteza ou falta de experiencia así o requiran, e integrárase polo importe necesario para facer fronte ás desviacións aleatorias desfavorables da sinistralidade.

2. As entidades aseguradoras deberán constituír reserva de estabilización, polo menos, nos seguintes riscos e ata os seguintes límites:

a) Responsabilidade civil derivada de riscos nucleares: o 300 por 100 das primas de tarifa de propia retención, devengadas no exercicio.

b) Riscos incluídos nos plans de seguros agrarios combinados: o límite establecido polo artigo do 42 do Regulamento aprobado polo Real decreto 2329/1979, do 14 setembro.

c) Seguro de crédito: o 134 por 100 da media das primas de tarifa de propia retención, devengadas nos cinco últimos exercicios. Non obstante o anterior, non se precisará a súa constitución cando as primas ou cotas devengadas no ramo de crédito sexan inferiores ao catro por cento do conxunto das primas ou cotas devengadas en seguros distintos do ramo de vida e a 2.500.000 euros.

d) Seguros de responsabilidade civil en vehículos terrestres automóbiles, responsabilidade civil profesional, responsabilidade civil de produtos, seguros de danos á construción, multiriscos industriais, seguro de caución, seguros de riscos ambientais e cobertura de riscos catastróficos: o 35 por 100 das primas de risco de propia retención.

Este último límite incrementarase cando así derive da propia experiencia da entidade. Para estes efectos, dentro de cada risco ou ramo tomarase como límite da reserva de estabilización o resultado de multiplicar as primas de risco de propia retención que correspondan ao exercicio que se pecha polo dobre da case-desviación típica que nos últimos dez exercicios presente o cociente formado por: no numerador, a sinistralidade de propia retención, imputándose os sinistros por exercicio de ocorrencia; no denominador, as primas de risco de propia retención que correspondan ao exercicio.

Non obstante, o límite non se incrementará cando durante o período sinalado de dez anos o cociente fose sempre inferior a un.

3. A reserva de estabilización deberase dotar en cada exercicio polo importe da recarga de seguranza incluída nas primas devengadas, co límite mínimo previsto nas bases técnicas. Salvo no seguro de crédito, para os supostos enumerados no número 2 anterior, o límite mínimo non poderá ser inferior ao dous por 100 de prima comercial.

No caso do seguro de crédito, a dotación mínima realizarase polo 75 por 100 do resultado técnico positivo do ramo, entendendo por tal a diferenza entre os ingresos e gastos técnicos, tal e como se establece no Plan de contabilidade das entidades aseguradoras.

4. Cando do procedemento establecido no artigo 31 se deduza unha insuficiencia de prima, a base que se considerará para os efectos dos núme-

ros 2 e 3 anteriores incrementarase en función da porcentaxe correspondente.

O cálculo das magnitudes referidas á propia retención incluírá as operacións correspondentes a seguro directo e reaseguro aceptado netas de reaseguro cedido e retrocedido.

5. A reserva de estabilización deberase aplicar a compensar o exceso de sinistralidade que se produza no exercicio sobre as primas de risco de propia retención que correspondan ao exercicio no ramo ou risco de que se trate.

A dotación e aplicación da reserva de estabilización realizarase por ramos ou riscos, sen que sexa admisible a compensación entre eles.»

Cinco. Os números 2 e 3 do artigo 49, «Provisións técnicas para cubrir», modifícanse nos seguintes termos:

«2. As entidades aseguradoras e reaseguradoras terán a obriga de cubrir todas as provisións técnicas, incluída a reserva de estabilización, que sexan consecuencia de operacións de seguro directo e reaseguro aceptado, sen que resulte admisible ningunha dedución por cesións en reaseguro.

3. As provisións técnicas, incluída a reserva de estabilización, calculadas ao peche do exercicio, así como a variación que nestas se produza ata o peche do seguinte, deberán estar cubertas de forma permanente. Para definir esta cobertura, a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións poderá, mediante resolución motivada, deducir de cobertura aqueles bens e dereitos respecto dos cales pola súa falta de permanencia no activo da entidade, a súa especial litixiosidade ou a súa escasa negociación se poida entender que non se axustan aos principios sinalados no número 1.»

Seis. No artigo 50, «Bens e dereitos aptos para o investimento das provisións técnicas», introdúcense as seguintes modificacións no número 15:

«15. Créditos fronte aos reaseguradores pola súa participación na provisión de prestacións, na parte en que non se recibisen depósitos por razón destas, e nos mesmos termos, as cantidades que resulten recuperables de entidades con función especial ás cales se refire a letra l) do artigo 1.3 do texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados.

As entidades reaseguradoras e as entidades con labor especial deberán gozar de calidade abonda. Presúmese que estas entidades gozan de calidade abonda cando teñan como mínimo unha cualificación de BBB ou equivalente, outorgada por unha axencia de cualificación de recoñecido prestixio e, en todo caso, cando estean suxeitas a supervisión da autoridade de control doutro Estado membro do Espazo Económico Europeo.»

Sete. O número 4 do artigo 53, «Límites de diversificación e dispersión», modifícase nos seguintes termos:

«4. Resto de activos aptos.

Cando se trate de valores ou dereitos mobiliarios emitidos por unha mesma empresa, ou de créditos concedidos ao mesmo prestameiro, ou avalados ou garantidos polo mesmo garante, o importe conxunto para computar non excederá o 5 por 100 das provisións técnicas que se cubrirán. Este límite será do 10 por 100 se a entidade aseguradora non inviste máis do 40 por 100 das provisións técnicas que se cubrirán en títulos ou créditos correspondentes a emisores e a prestameiros ou garantidos nos cales se supere o 5 por 100 citado. As participacións

en fondos de investimento cotizados estarán sometidas aos límites anteriores.

No caso de investimentos dos sinalados no parágrafo anterior en empresas do mesmo grupo, acumularanse estas e, respectando os límites do 5 por 100 e do 10 por 100 para cada unha das empresas, computaranse os devanditos investimentos ata o 10 por 100 e o 20 por 100, respectivamente.

Non estarán sometidos aos límites previstos nos dous parágrafos anteriores:

- a) Os depósitos en entidades de crédito.
- b) Os valores ou dereitos mobiliarios, excluídas as accións de entidades de crédito ou aseguradoras.
- c) Os créditos concedidos a entidades de crédito ou aseguradoras.
- d) Os créditos avalados ou garantidos por entidades de crédito ou aseguradoras.

O investimento en depósitos en entidades de crédito e en valores ou dereitos mobiliarios, excluídas as accións, dunha soa entidade de crédito ou aseguradora, así como en créditos concedidos a ou avalados ou garantidos por esta só estará sometido a un límite conxunto do 40 por 100 das provisións técnicas que se van cubrir. No caso de investimentos dos mencionados anteriormente en empresas do mesmo grupo, e respectando o límite anterior para cada entidade, computaranse estes ata o 60 por 100 das provisións técnicas que se cubrirán.

O investimento en accións e participacións en institucións de investimento colectivo de carácter financeiro non sometidas a coordinación conforme a Directiva 85/611/CEE, pola que se coordinan as disposicións legais, regulamentarias e administrativas sobre determinados organismos de investimento colectivo en valores mobiliarios (OICVM), a que se refire o número 5.a.2.º do art. 50 deste regulamento, distintas das accións e participacións en institucións de investimento colectivo de investimento libre e das institucións de investimento colectivo de institucións de investimento colectivo de investimento libre, e sempre que non lles resulte de aplicación ningún outro límite conforme o establecido nos parágrafos anteriores, estará sometido ao límite conxunto do 40 por 100 das provisións técnicas que se van cubrir.

O investimento en valores ou dereitos mobiliarios que non se achen admitidos a negociación en mercados regulados no ámbito da Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico (OCDE), xunto coas accións e participacións en institucións de investimento colectivo de investimento libre ou en institucións de investimento colectivo de institucións de investimento colectivo de investimento libre previstas no número 5.a.2.º do artigo 50 e as accións e participacións en sociedades e fondos de capital risco a que se refire o número 5.a.3.º do artigo 50, non se poderá computar por un importe superior ao 10 por 100 do total das provisións técnicas que se van cubrir. Cando se trate de entidades reaseguradoras e unicamente para o investimento en valores ou dereitos mobiliarios que non se achen admitidos a negociación en mercados regulados no ámbito da Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico (OCDE), este límite será o 30 por cento.

Non estarán sometidos ao límite previsto no parágrafo anterior os valores ou dereitos mobiliarios, distintos das accións e participacións en institucións de investimento colectivo de investimento libre ou en institucións de investimento colectivo de institucións de investimento colectivo de investi-

mento libre, que se achen admitidos a negociación en mercados regulados no ámbito da Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico (OCDE), incluso cando non sexan susceptibles de tráfico xeneralizado e impersoal nun mercado financeiro.

O conxunto das accións e participacións nunha institución de investimento colectivo de investimento libre ou nunha institución de investimento colectivo de institucións de investimento colectivo de investimento libre, a que se refire o número 5.a.2.º do artigo 50 deste regulamento, ou de accións e participacións nunha sociedade ou fondo de capital risco a que se refire o número 5.a.3.º do artigo 50 deste, non se poderán computar por un importe superior ao 5 por 100 do total das provisións técnicas que se van cubrir.

Os créditos incluídos no número 13 do artigo 50 que non estean garantidos nin avalados computaranse por un importe máximo do 5 por 100 das provisións técnicas para cubrir, sen que se poida superar o límite do 1 por 100 para un só debedor. Non estarán sometidos a tales límites os créditos outorgados a entidades de crédito ou aseguradoras, ou avalados ou garantidos por ambas as dúas.»

Oito. A letra b) do número 3 do artigo 55, «Reglas de congruencia para os efectos de cobertura de provisións técnicas», modifícase nos seguintes termos:

«b) Que o importe dos activos non congruentes non supere o 20 por 100 dos compromisos expresados na correspondente moeda. Cando se trate de entidades reaseguradoras, este límite será o 30 por cento.»

Novo. No artigo 58, «Obriga de dispoñer da marxe de solvencia», modifícanse os números 2 e 3 e créase un novo número 6, nos seguintes termos:

«2. Os grupos consolidables de entidades aseguradoras deberán dispoñer, como marxe de solvencia, dun patrimonio consolidado non comprometido suficiente, en todo momento, para cubrir as exixencias legais de solvencia aplicables ao grupo, as cales terán en conta as operacións de seguro e reaseguro realizadas entre as entidades pertencentes a aquel, considerando para o cálculo das exixencias de solvencia do grupo as magnitudes netas destas operacións tras o proceso de eliminación correspondente. As exixencias legais de solvencia, no suposto de entidades aseguradoras domiciliadas en países terceiros, calcularanse, para estes efectos, de acordo co disposto neste regulamento, salvo que a lexislación do país terceiro en que teña o seu domicilio a entidade en cuestión lle imponha uns requisitos de solvencia polo menos equiparables aos previstos naquel, en cuxo caso se poderá efectuar o cálculo citado de acordo co disposto na devandita lexislación.

Unicamente para os efectos de determinar o patrimonio propio non comprometido do grupo consolidable se incluírán no cálculo as sociedades posuidoras de accións de entidades aseguradoras, considerándose para estas entidades unha contía mínima igual a cero.

As mesmas exixencias de solvencia serán aplicables aos subgrupos consolidables de entidades aseguradoras.

3. No caso de entidades aseguradoras que realicen operacións de seguro nos ramos de vida e distintos do de vida, o cálculo da marxe de solvencia e do cumprimento do seu mínimo legal realizarase

separadamente para cada unha das dúas actividades anteriores.

Para tales efectos, as partidas integrantes da marxe de solvencia imputaranse a cada unha das actividades atendendo á súa orixe ou afectación, conforme criterios obxectivos, razoables e comprobables. A asignación das partidas que integran o cálculo da marxe de solvencia e os criterios aplicados para realizar tal asignación deberán manter dun exercicio a outro, salvo que medien razóns que xustifiquen a súa variación. Tal variación non poderá afectar, en ningún caso, as contías mínimas de capital social e fondo mutual establecidas no artigo 13 da lei, nin a partidas específicas dalgún dos ramos.

A modificación dos criterios ou da asignación de partidas da marxe de solvencia dunha actividade a outra, así como a súa xustificación, deberán ser recollidas na documentación estatístico-contable que as entidades aseguradoras lle remitan á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.»

«6. Na determinación da contía mínima da marxe de solvencia das entidades de seguro que levan a cabo actividades de reaseguro aplicaranse, para as súas aceptacións en reaseguro, as normas establecidas para as entidades reaseguradoras, cando se cumpra unha das seguintes condicións:

- a) Que as primas aceptadas en reaseguro excedan un 10 por cento as súas primas totais.
- b) Que as primas aceptadas en reaseguro superen 50 millóns de euros.
- c) Que as provisións técnicas do reaseguro aceptado superen o 10 por cento das súas provisións técnicas totais.»

Dez. No artigo 59, «Patrimonio propio non comprometido», modifícase o primeiro inciso do número 1.Un.b), que pasa a ter a seguinte redacción:

«b) A reserva de revalorización, a prima de emisión e outras reservas patrimoniais libres que non correspondan aos compromisos subscritos nin fosen clasificadas como reservas de estabilización. Será aplicable respecto destas partidas o indicado no segundo inciso da letra a) precedente.

(...)»

Once. No artigo 60, «Patrimonio propio non comprometido dos grupos consolidables de entidades aseguradoras», modifícase o número 1.Un.b) nos seguintes termos:

«b) As reservas patrimoniais do grupo consolidable, excluídas as reservas de estabilización.»

Doce. No artigo 61, «Contía mínima da marxe de solvencia nos seguros distintos do seguro de vida», os números 3.c), 4.d) e 4 ter pasan a ter a seguinte redacción:

«3. A contía da marxe de solvencia en función das primas determinarase na forma seguinte:

(...)

c) A contía obtida segundo se dispón no parágrafo anterior multiplicarase pola relación existente nos últimos tres exercicios, entre o importe da sinistralidade neta de reaseguro cedido e retrocedido, e o importe bruto da devandita sinistralidade, sen que esta relación poida, en ningún caso, ser inferior ao 50 por cento.

Para os efectos do anterior, por solicitude, debidamente xustificada da entidade aseguradora e logo de autorización de Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, equiparanse a reaseguro cedido e retrocedido os riscos que efectivamente

fosen cedidos e retrocedidos a través de entidades con función especial a que se refire a letra l) do artigo 1.3 do texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados, sempre que os instrumentos financeiros emitidos por elas para financiar a súa exposición aos riscos de seguros estean admitidos a negociación en mercados regulados do ámbito da OCDE. En todo caso, ás entidades con función especial resultaranlles aplicables os requisitos previstos no número 4 ter deste artigo.

Entenderase por riscos efectivamente cedidos e retrocedidos aqueles que fosen asumidos por entidades alleas ao grupo da entidade que realiza a súa cesión ou retrocesión.»

«4. A contía da marxe de solvencia en función dos sinistros determinarase na forma seguinte:

(...)

d) A contía obtida segundo a letra c) multiplicarase pola relación existente nos tres últimos exercicios, entre o importe da sinistralidade neta de reaseguro cedido e retrocedido e o importe bruto da devandita sinistralidade, sen que esta relación poida, en ningún caso, ser inferior ao 50 por cento.

Para os efectos do anterior, por solicitude, debidamente xustificada da entidade aseguradora e logo de autorización de Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, equiparanse a reaseguro cedido e retrocedido os riscos que efectivamente fosen cedidos e retrocedidos a través de entidades con función especial a que se refire a letra l) do artigo 1.3 do texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados, sempre que os instrumentos financeiros emitidos por elas para financiar a súa exposición aos riscos de seguros estean admitidos a negociación en mercados regulados do ámbito da OCDE. En todo caso, ás entidades con función especial resultaranlles aplicables os requisitos previstos no número 4 ter deste artigo.

Entenderase por riscos efectivamente cedidos e retrocedidos aqueles que fosen asumidos por entidades alleas ao grupo da entidade que realiza a súa cesión ou retrocesión.»

«4 ter. Cando a natureza ou a calidade dos contratos de reaseguro cambiase significativamente desde o exercicio anterior, ou nos contratos de reaseguro non se produza, ou sexa limitada a transferencia do risco, a redución por reaseguro prevista no número 3.c) e no número 4.d) deste artigo deberase axustar para reflectir a política de reaseguro da entidade que efectivamente incida na marxe de solvencia, reducíndose no importe que resulte necesario.

Presúmese que o reaseguro goza de calidade abonda cando a entidade reaseguradora teña como mínimo unha cualificación de BBB ou equivalente outorgada por unha axencia de cualificación de recoñecido prestixio e, en todo caso, cando a entidade reaseguradora estea suxeita a supervisión da autoridade de control doutro Estado membro do Espazo Económico Europeo.

Non se aplicará a redución por reaseguro cando das súas contas anuais se deduza motivadamente que a solvencia actual ou futura do reasegurador se poida ver afectada.»

Trece. No artigo 62, «Contía mínima da marxe de solvencia nos seguros de vida», modifícanse os números 1 e 5 e créase un novo número 6 nos seguintes termos:

«1. Para o ramo de vida, a contía mínima da marxe de solvencia será a suma dos importes que

resulten dos cálculos a que se refiren os dous parágrafos seguintes:

a) Multiplicarase o 4 por 100 do importe das provisións de seguros de vida por seguro directo, sen deducir o reaseguro cedido, e por reaseguro aceptado, pola relación que exista, no exercicio que se considere, entre o importe das provisións de seguros de vida, deducidas as correspondentes ao reaseguro cedido e retrocedido, e o importe bruto destas, sen que esta relación poida ser, en ningún caso, inferior ao 85 por 100.

b) Para os contratos cuxos capitais en risco sexan positivos multiplicarase o 0,3 por 100 dos capitais en risco, sen deducir reaseguro cedido nin retrocedido, pola relación existente, no exercicio que se considere, entre os capitais en risco deducido o reaseguro cedido e retrocedido e o importe bruto dos devanditos capitais, sen que esta relación poida ser, en ningún caso, inferior ao 50 por 100.

Para os efectos das reducións previstas nas letras a) e b) anteriores, por solicitude debidamente xustificada da entidade aseguradora e logo de autorización da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, equipararanse a reaseguro cedido e retrocedido os riscos que efectivamente fosen cedidos e retrocedidos a través de entidades con función especial a que se refire a letra l) do artigo 1.3 do texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados, sempre que os instrumentos financeiros emitidos por elas para financiar a súa exposición aos riscos de seguros estean admitidos a negociación en mercados regulados do ámbito da OCDE. En todo caso, ás entidades con labor especial resultaranlles aplicables os requisitos previstos no número 5 deste artigo.

Entenderase por riscos efectivamente cedidos e retrocedidos aqueles que fosen asumidos por entidades alleas ao grupo da entidade que realiza a súa cesión ou retrocesión.»

«5. Cando a natureza ou a calidade dos contratos de reaseguro cambiase significativamente desde o exercicio anterior, ou nos contratos de reaseguro non se produza ou sexa limitada a transferencia do risco, a redución por reaseguro prevista no número 1 deste artigo deberase axustar, para reflectir a política de reaseguro da entidade que efectivamente incida na marxe de solvencia, reducíndose no importe que resulte necesario.

Presúmese que o reaseguro goza de calidade abonda cando a entidade reaseguradora teña como mínimo unha cualificación de BBB ou equivalente outorgada por unha axencia de cualificación de recoñecido prestixio e, en todo caso, cando a entidade reaseguradora estea suxeita a supervisión da autoridade de control doutro Estado membro do Espazo Económico Europeo.

Non se aplicará a redución por reaseguro cando das súas contas anuais se deduza motivadamente que a solvencia actual ou futura do reasegurador se poida ver afectada.

6. Tratándose de entidades reaseguradoras, a marxe de solvencia obrigatoria para as actividades de reaseguro de vida estará determinada de conformidade co disposto no artigo 61.

Sen prexuízo do anterior, a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións poderá autorizar a entidade para que determine a marxe de solvencia obrigatoria, para as actividades de reaseguro de vida, de conformidade co disposto nos números 1 a 5 deste artigo, cando se trate de operacións de reaseguro nos seguintes casos:

a) As actividades de seguro en caso de vida, en caso de morte, o seguro mixto, o seguro de vida con contraseguro, o seguro de nupcialidade e o seguro de natalidade, vinculados a fondos de investimento.

b) O seguro de renda.

c) As operacións de xestión de fondos colectivos de pensións, é dicir, operacións que supoñan para a empresa en cuestión administrar os investimentos e, en especial, os activos representativos das reservas dos organismos que subministran as prestacións en caso de morte, en caso de vida ou en caso de cesamento ou redución de actividades.

d) As operacións mencionadas na letra c), cando leven consigo unha garantía de seguro, sexa sobre a conservación do capital, sexa sobre o pagamento dun xuro mínimo.»

Catorce. Os números 6, 7 e 8 do artigo 76, «Pólizas e tarifas de primas», quedan redactados nos seguintes termos:

«6. A prima de tarifa, que se axustará aos principios de indivisibilidade e invariabilidade, suficiencia, equidade e igualdade de trato entre mulleres e homes, estará integrada pola prima pura ou de risco, pola recarga de seguranza, se é o caso, e polas recargas necesarias para compensar a entidade dos gastos de administración e de adquisición, incluídos entre estes últimos os de mantemento do negocio, así como pola posible marxe ou recarga de beneficio ou excedente. Os gastos de xestión dos sinistros incluíranse en todo caso na prima pura.

7. Cando o sexo constitúa un factor determinante da avaliación do risco a partir de datos actuariais e estatísticos pertinentes, fiables e acreditables en función da análise do risco realizado pola entidade, poderanse admitir diferenzas proporcionadas das primas e prestacións das persoas consideradas individualmente. Non obstante o anterior, en ningún caso os custos e riscos relacionados co embarazo e o parto xustificarán diferenzas nas primas e prestacións das persoas consideradas individualmente.

8. Para efectos do disposto no número 5 do artigo 25 da lei, na resolución que poña fin ao procedemento administrativo concederase un prazo improrrogable de seis meses para que a entidade aseguradora acomode as súas pólizas e tarifas de primas ao disposto na lei e neste regulamento.»

Quince. O artigo 80 pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 80. *Peculiaridades das bases técnicas dos seguros de enfermidade.*

As entidades aseguradoras que operen no ramo de enfermidade poderán utilizar táboas de morbilidad que definan o risco en función do sexo e da idade. Neste caso deberán utilizar, na determinación da prima, técnica análoga á do seguro de vida, podéndose aplicar os principios da capitalización colectiva. O anterior será igualmente de aplicación á cobertura dos riscos de asistencia sanitaria. Non obstante, en ningún caso os riscos e custos relacionados co embarazo e o parto poderán supoñer diferenzas en primas nin en prestacións.»

Dezaseis. O segundo parágrafo do número 6 do artigo 120, «Xunta Consultiva de Seguros», queda redactado nos seguintes termos:

«6. (...) Por proposta do director xeral de Seguros e Fondos de Pensións, logo de consulta de asociacións e institucións máis representativas en cada caso, serán nomeados catro vogais designados en representación das entidades aseguradoras, dous

en representación das entidades xestoras de fondos de pensións, dous en representación dos mediadores de seguros, un en representación de corporacións de prestixio relacionadas co seguro privado, un en representación dos actuarios de seguros, un en nome dos peritos de seguros e comisarios de avarías, dous representantes de organizacións sindicais, un en representación do Consello Xeral das Cámaras de Comercio, Industria e Navegación de España, e un en representación do Consorcio de Compensación de Seguros.»

Disposición derogatoria única. Derogación normativa.

No momento da entrada en vigor deste real decreto queda derogado o artigo 103 do Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto 2486/1998, do 20 de novembro.

Igualmente, quedan derogadas cantas normas de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. Carácter básico.

Consonte o establecido na disposición derradeira primeira do texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto legislativo 6/2004, do 29 de outubro, as disposicións contidas neste real decreto teñen a consideración de bases da ordenación dos seguros, agás as modificacións dos artigos 76.8 e 120 do Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados.

Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor.

Este real decreto entrará en vigor o 9 de decembro de 2007, agás as modificacións referidas aos artigos 34, 76 e 80 do Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados, contidas nos números tres, catorce e quince do artigo único deste real decreto, que entrarán en vigor:

a) O 21 de decembro de 2007, en canto aos requisitos para considerar o sexo como factor determinante na avaliación do risco;

b) O 31 de decembro de 2008, en canto á prohibición de considerar os custos relacionados co embarazo e o parto no cálculo de primas, prestacións e táboas de mortalidade, supervivencia, invalidez e morbilidade.

Dado en Madrid o 19 de outubro de 2007

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente segundo do Goberno
e ministro de Economía e Facenda,
PEDRO SOLBES MIRA

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

18397 REAL DECRETO 1367/2007, do 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas. («BOE» 254, do 23-10-2007.)

A Directiva 2002/49/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de xuño de 2002, sobre avaliación e xestión do ruído ambiental marca unha nova orientación

respecto da concepción da contaminación acústica na normativa da Unión Europea. Con anterioridade, a regulamentación comunitaria centrárase nas fontes do ruído, pero a comprobación de que diariamente inciden sobre o ambiente múltiples focos de emisións sonoras fixo necesario un novo enfoque do ruído ambiental para consideralo como un produto derivado de múltiples emisións que contribúen a xerar niveis de contaminación acústica inadecuados desde o punto de vista ambiental e sanitario.

A Directiva 2002/49/CE define o ruído ambiental como «o son exterior non desexado ou nocivo xerado polas actividades humanas, incluído o ruído emitido polos medios de transporte, polo tráfico rodado, ferroviario e aéreo e polas instalacións de actividades industriais como as descritas no anexo I da Directiva 96/71/CE do Consello, do 24 de setembro de 1996, relativa á prevención e ao control integrados da contaminación».

A Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído, que incorpora parcialmente ao dereito interno as previsións da citada directiva, regula a contaminación acústica cun alcance e un contido máis amplo que o da propia directiva, xa que, ademais de establecer os parámetros e as medidas para a avaliación e a xestión do ruído ambiental, inclúe o ruído e as vibracións no espazo interior de determinadas edificacións. Así mesmo, dota de maior cohesión a ordenación da contaminación acústica a través do establecemento dos instrumentos necesarios para a mellora da calidade acústica do noso ambiente.

Así, na citada lei, defínese a contaminación acústica como «a presenza no ambiente de ruído ou vibracións, calquera que sexa o emisor acústico que os orixine, que implique molestia, risco ou dano para as persoas, para o desenvolvemento das súas actividades ou para os bens de calquera natureza, incluso cando o seu efecto sexa perturbar o disfrute dos sons de orixe natural, ou que causen efectos significativos sobre o ambiente».

Posteriormente, o Real decreto 1513/2005, do 16 de decembro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído, no referente á avaliación e xestión do ruído ambiental, completou a transposición da Directiva 2002/49/CE e precisou os conceptos de ruído ambiental e os seus efectos sobre a poboación, xunto a unha serie de medidas necesarias para a consecución dos obxectivos previstos, tales como a elaboración dos mapas estratéxicos de ruído e os plans de acción ou as obrigas de subministración de información.

En consecuencia, o Real decreto 1513/2005, do 16 de decembro, supuxo un desenvolvemento parcial da Lei 37/2003, do 17 de novembro, xa que esta abrangue a contaminación acústica producida non só polo ruído ambiental, senón tamén polas vibracións e as súas implicacións na saúde, nos bens materiais e no ambiente, mentres que o citado real decreto só comprende a contaminación acústica derivada do ruído ambiental e a prevención e corrección, de ser o caso, dos seus efectos na poboación.

Por iso, este real decreto ten como principal finalidade completar o desenvolvemento da citada lei. Así, defínense índices de ruído e de vibracións, as súas aplicacións, efectos e molestias sobre a poboación e a súa repercusión no ambiente; delimitanse os distintos tipos de áreas e servidumes acústicas definidas no artigo 10 da Lei 37/2003, do 17 de novembro; establécense os obxectivos de calidade acústica para cada área e inclúese o espazo interior de determinadas edificacións; regúlanse os emisores acústicos e fíxanse valores límite de emisión ou de inmisión así como os procedementos e os métodos de avaliación de ruídos e vibracións.

Neste sentido, o capítulo I, «Disposicións xerais», contén os preceptos que establecen o obxecto desta norma e unha serie de definicións que permitan alcanzar un maior grao de precisión e seguranza xurídica á hora de aplicar esta disposición de carácter marcadamente técnico.